3	69693 13	6969313NJ6066N	CL MUELLE	BOUZA VÁZQUEZ JESÚS (HEREDEROS DE)	LG BAÑOBR E 76	15630 MIÑO	331M2	11.549,07 €

1.3.-Notificar persoalmente a presente Resolución aos propietarios das fincas e demais interesados sobre as mesmas dos que o Concello de Ponte deume teña coñecemento.

**SEGUNDO.-** Considerar que co actuado queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, por tanto, acordar a necesidade de ocupación dos mesmos.

**TERCEIRO.-** Proceder á publicación deste Acordo na forma en que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días no *Boletín Oficial da Provincia* e nun dos diarios de maior circulación da Provincia, con notificación persoal aos interesados, convidándose aos mesmos para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo, atendendo a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a expropiar para a execución da obra "Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. Fase I. Concello Ponte deume (A Coruña)" Tomo I".

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://sede.pontedeume.gal/opencms/g/>

**CUARTO.-** En todo caso se fose preciso, dar traslado do actuado ao Ministerio Fiscal, se os titulares non comparecen no expediente ou a propiedade sexa de natureza litixiosa.



## 2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) RELATIVA Á RETIRADA DOS CONTEDORES DE ROUPA "HUMANA" DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG indica que se trata dunha moción presentada a instancias do "Colectivo Terra", dando conta dos motivos polo que se presenta, como reflexa o texto da propia moción, que de seguido se transcribe:

*"O BNG RECLAMA A RETIRADA DOS CONTEDORES DE ROUPA "HUMANA" DO CONCELLO DE PONTEDEUME*

*O BNG apoia a petición do Colectivo Terra que reclama a retirada dos contedores instalados en Pontedeumepola secta HUMANA PEOPLE TO PEOPLE.*

*Humana vende a roupa en tendas de segunda man en multitude de países. Coa doazón de roupa nestes contedores, fornecemos de balde a materia prima do seu lucrativo negocio, ficando a multinacional co 91% dos beneficios.*

*Segundo datos extraídos da súa propia páxina web, Humana recolleu no exercicio de 2018, 18.000 toneladas de roupa nos máis de 5.000 contedores que ten repartidos polo Estado español, acadando uns beneficios de máis de 22 millóns de euros. Destes, invertiron só un 9% en proxectos solidarios, dos que ademais se descoñece información pola súa nula transparencia.*

*Humana introduce toneladas de roupa en mercados subdesenvolvidos, que ademais de ser un lucrativo negocio para a empresa, erosiona a economía local facendo totalmente inviábel a existencia de talleres locais. Tras esta organización agóchase o entramado financeiro da secta Tvind (con sede en Dinamarca), que xa foi condenada por enriquecemento ilícito e branqueo.*

*Outras datos (comprobables nas fontes que se achegan máis abaixo):*

- Asociación para a Atención e Investigación de Socioadiccións (AIS), sentenza que son unha secta que obtén beneficios millonarios.*
- RedUNE, Asociación para a prevención da manipulación sectaria, inclúe a Humana na listaxe de sectas mediante as siglas Tvind-Humana ou HumanPeople to People.*
- O fundador desta organización, Amdi Petersen, buscado pola Interpol, leva varios anos en paradiro descoñecido e xa foi condenado a prisión polo Tribunal Superior de Xustiza de Aarhus (Dinamarca), xunto a outros catro cargos destacados da organización. Imputáronlles delitos de evasión de impostos, fraude e enriquecemento ilícito.*
- Hai vencellos (RTP, La Sexta ) desta suposta ONG e a seita Tvind, ou lavado de cartos a evasión de impostos.*
- A Fiscalía do Brasil acusou a tres "cooperantes" europeos do delito de branqueo de 12 millóns de dólares en fondos "humanitarios". Os tres son membros da secta Tvind, á que as autoridades brasileiras califican de "organización criminal trasnacional"*
- O Reino Unido retirou tamén a Humana o selo de organización sen ánimo de lucro e algunhas cidades do Estado español, coma Valencia ou Madrid, anuláron xa o convenio suscrito con eles.*

*Proposta de acordo para o Pleno:*

1. *a retirada inmediata dos contedores de roupa usada que a organización Humana ten instalados en Pontedeume*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. *reclamamos a entrada dun novo servizo de doazón de roupa afastado das dinámicas lucrativas.*

Toma a palabra o concelleiro do PP, D. Luis Ángel Díaz González, quen indica que o voto do seu grupo vai ser a abstención, tendo en conta que en Ponte deume non hai outra alternativa para o depósito de roupa.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, que indica que dende goberno local se puxeron en contacto coa empresa para solicitar información sobre as afirmacións realizadas no documento inicial presentado polo BNG como solicitude. Di que dende a entidade se lles enviou un documento onte a última hora, que se vai remitir aos servizos xurídicos e sociais para a súa análise e poder tomar unha decisión ao respecto, considerando que quitar os contedores sen darlle a empresa unha oportunidade de defensa, parécelles prematuro. Indica que se comunicará a decisión nunha vindeira xunta de portavoces ou no próximo Pleno.

Dende a Presidencia proponse unha emenda en base ao explicado polo portavoz do PSOE, no sentido de modificar o punto primeiro e poñer que “Tendo en conta que se está a estudar tanto a documentación presentada polo “Colectivo Terra” como a requirida á empresa, unha vez concluído o estudo por parte dos servizos municipais e de se constatar o que se está a denunciar, que se proceda á retirada inmediata dos contedores”

Dna. Rocío Souto Torre pregunta se a documentación solicitada inclúe a presentación dun estudo de impacto ambiental, así como que se estude unha alternativa.

D. Luis Pena Mosquera di que aceptan que se retire do punto o termo “inmediata”.

A redacción do punto primeiro quedaría redactado do seguinte xeito:

“Tendo en conta que se está a estudar tanto a documentación presentada polo “Colectivo Terra” como a requirida á empresa, unha vez concluído o estudo por parte dos servizos municipais e de se constatar o que se está a denunciar, que se proceda á retirada dos contedores”

De seguido, sométese a votación a moción EMENDADA, quedando **ADOPTADO**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**Tendo en conta que se está a estudar tanto a documentación presentada polo “Colectivo Terra” como a requirida á empresa, unha vez concluído o estudo por parte dos servizos municipais e de se constatar o que se está a denunciar, que se proceda á retirada dos contedores.**

### **3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) RELATIVA A “RAMIRO FONTE : DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021”**

D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG indica que non vai ler a proposta de moción. Di que a intención do seu grupo é dar un impulso fundamental para que se lle dedique a Ramiro Fonte o día das letras galegas e que logo de ter falado sobre o asunto en dúas xuntas de portavoces, a súa idea é postpór a aprobación da moción e deixar como mínimo, un mes, e dar tempo ao concello para que se traballe nunha declaración institucional co mesmo espírito da moción, que non é outra cousa que impulsar, dende o Concello, que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Ramiro Fonte, coas propostas que recolle a moción.



Por tanto, di que potspoñen a presentación da moción en aras de acadar unha Declaración Institucional subscrita por todos os grupos, para a creación dun manifesto público e a creación dunha comisión executiva que poda levar a cabo a labor e que poña en marcha o traballo para rendir homenaxe a Ramiro Fonte.

Dende a Presidencia asúmese a encomenda do traballo e fai referencia ao cumprimento do acordo adoptado nun pleno a instancias do Grupo Municipal do Partido Popular no ano 2016.

#### **4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**

Dende a Presidencia, dáse conta da presentación por parte do Grupo Municipal do PSdG-PSOE dunha moción para o seu tratamento, se procede, pola vía de urxencia, relativa ao asunto **“SOBRE O PLAN MARCO DA XUNTA PARA A MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS”**

Don José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE da conta dos motivos polos que se presenta a moción, a redución de fondos do AGADER, e pasa a dar lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Xunta de Galicia vén de publicar a resolución pola que se aproba o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021, un relevante instrumento de cooperación e axuda financeira ás entidades locais da comunidade, que periodicamente impulsa a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural.*

*Este plan ten como principal obxectivo subvencionar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños rurais, co fin de renovar esta rede viaria que serve de acceso ás explotacións agrícolas do seus territorios, mellorando considerablemente a deficiente accesibilidade ás parcelas de cultivo. Preténdese con estas melloras dar un impulso ao desenvolvemento e á modernización da agricultura galega.*

*Segundo detalla a propia Xunta, estes camiños rurais “facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal”, xa que “facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redundará nunha maior axilidade das operacións e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado”.*

*Sen embargo, para o presente ano 2020 e para o próximo 2021, o goberno galego aplicou un importante recorte aos fondos públicos que dedicaba a este fin. Así pois, para o período 2020-2021 prevé unha dotación máxima para financiar axudas de 11.974.836 euros (5,9 millóns cada ano), con cargo aos orzamentos da Agader. Iso son catro millóns de euros menos que os destinados pola Xunta para o período 2017-2018, cando presupostou 15.998.687 euros para este mesmo fin máis outros 4 millóns de € menos dende o ano 2016 cando se presupostou case 20 millóns de € (19.998.110€). E iso a pesar de que a presente convocatoria está cofinanciada nun 75% a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da Unión Europea.*

*Segundo o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, esta ía ser a “lexislatura do rural”, unha lexislatura “cun proxecto claro de futuro no que avanzaremos en tres sentidos que son a aposta pola calidade, a reestruturación e a diversificación”, o goberno galego aplica agora unha redución millonaria dos fondos para potenciar o desenvolvemento do rural.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Estas axudas para camiños rurais son, en moitos casos, o único crédito directo en forma de subvención que reciben os concellos da administración autonómica, polo que aínda é menos comprensible que se aplique unha redución orzamentaria tan drástica.*

*Os criterios de reparto destes cartos públicos entre os municipios foi consensuada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Partiuse dunha asignación fixa para cada municipio e o resto dos cartos distribúese en función do número de habitantes, da poboación residente, da superficie do seu territorio, da taxa de despoboamento, do envellecemento dos seus habitantes ou da súa agrariedade.*

*A maiores, tamén queremos resaltar que este ano a Xunta de Galicia cambiou algúns dos requisitos para optar á percepción desta axuda, resultando imprescindible a xustificación da alta de seguro agrario de cando menos, dúas fincas beneficiarias no transcurso do camiño, algo que suporá que, dado o minifundismo existente nesta provincia, lle resulte altamente complicado e existan concellos que non podan optar á solicitude da axuda.*

*En concreto, o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021 baixou en 1.271.493 euros na provincia da Coruña con respecto a 2017-2018 e en 2.553.239€ na última lexislatura de Núñez Feijóo.*

*A redución de fondos é homoxénea e afecta a todas as comarcas. En concreto, na comarca de Ferrolterlra-Ortegal pasa de 1.355.776 euros en 2016 a 780.557 euros en 2020/2021 e concretamente neste concello pasa de 49.250 euros en 2016 a 28.878 euros en 2020/2021.*

***Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.***

O concelleiro do PP, D. Luis Ángel Díaz González anuncia o voto en contra do seu grupo, en tanto que a Xunta aposta por unha mellor planificación e distribución de axudas aos Concellos, logo da análise de convocatorias anteriores, nas que quedaban sen xustificar por parte dos concellos 6 millóns de euros, optando a Consellaría por non aportar fondos propios e dedicar ese orzamento a outras partidas. Apunta a que os criterios polos que se repartiron os fondos, foron consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Apunta a que o obxectivo último, é facer que os cartos cheguen ás áreas que máis o necesitan.

De seguido, toma a palabra D. Luis Pena Mosquera quen, se ben cuestina a presentación de mocións que cualifica como xenéricas, tamén polo seu grupo, di que unha das labores dos concellos é o mantemento de camiños en bó estado e anuncia o voto a favor do seu grupo á moción.

De seguido, sométese a votación a **URXENCIA** do asunto para a súa inclusión na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA E INCLUÍDO O ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro fai referencia á dificultade para xustificar a axuda en prazos, en tanto que moitas delas requiren informes sectoriais (Augas de Galicia, Adif...), que retrasan os prazos de adxudicación e por tanto, de xustificación, cualificando estes últimos como estritos. Di que non é que os Concellos non gasten os fondos do AGADER, se non que o problema é coa tramitación, en tanto que os fondos do AGADER están dotados de fondos europeos, con prazos tamén estritos. Defende o criterio obxectivo de reparto destes fondos, fronte a outras liñas de axuda da Xunta de Galicia, cuxo reparto está determinado pola





orde de chegada das solicitudes e que, tendo en conta o sucedido en convocatorias como o Plan Urbe, ven a constatar a sospeita de que determinados concellos contan con información sobre a data de convocatoria, en tanto que os fondos do programa estean esgotados aos sete minutos da apertura dos prazos da convocatoria, sen estar en horario laboral os traballadores e traballadoras municipais. Conclúe a súa intervención coa defensa das convocatorias de axudas noa que o reparto atenda a criterios obxectivos (poboación, presión fiscal, tamaño de parroquias....) e fai referencia á redución de fondos do AGADER nos últimos anos, o carácter bianual das axudas hai tres anos o que supón que, se un Concello quere facer unha actuación no primeiro ano, ten que adiantar os cartos...ou postpoñela ao ano seguinte, cuestiona o criterio de que os fondos estiveran destinados a infraestrutura que dera servizo a infraestruturas agrícolas ou gandeiras..., que limitan a capacidade de solicitude por parte dos Concellos, poñendo como exemplo o non financiamento de camiños que atravesan nucleos, no caso de Pontedeume, o de Castrelo...; considera que esta moción sí afecta ao Concello de Pontedeume, fronte ao cualificativo de xenérica do portavoz do Grupo Municipal do BNG.

De seguido, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG (2): D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; e **2 votos en contra** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

**Esta Corporación Local insta o Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.**

#### **5.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 12.2020 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2019)**

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

##### **“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN**

##### **DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 12.2020 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2019)**

(Expediente TEdC: 2020/X999/000019- 2020/G006/000020)

*Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:*

*“(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*

*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)”*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 12.2020, de asunto: "Informe en aplicación de lo establecido en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al cuarto trimestre de 2019, y Período Medio de Pago (PMP).

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe."

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

**"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27.02.2020

(Expediente TEdC: 2020/G006/000027)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidentencia ditadas, dos números **39.2020** de 27 de xaneiro ao **127.2020** de 21 de febreiro de 2020, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº Expediente	de	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2020/G003/0000 20		COMUNICACION PREVIA DE OBRA MENOR	00039/20 20	27-01-2020 13:18
2020/G003/0000 25		COMUNICACION PREVIA DE OBRA ...//...	00040/20 20	27-01-2020 13:16
2020/G003/0000 45		CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30.01.2020	00041/20 20	27-01-2020 13:14
2020/G003/0000 26		COMUNICACION PREVIA DE OBRA ...//...	00042/20 20	27-01-2020 13:17
2020/G003/0000 23		SOLICITUDE DE COMUNICACION PREVIA DE	00043/20 20	27-01-2020 14:33



	OBRA ...//...		
2020/G003/0000 21	COMUNICACION PREVIA DE OBRA ...//...	00044/20 20	27-01-2020 14:33
2020/G003/0000 42	PERSOAL-CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL SUBSTITUCIÓN IT...//...	00045/20 20	27-01-2020 14:58
2020/G003/0000 22	COMUNICACION PREVIA DE OBRA EN ...//...	00046/20 20	27-01-2020 15:22
2020/G003/0000 46	SOLICITUDE DE APROBACION E PAGOS DE TRIENIOS	00047/20 20	29-01-2020 16:21
2020/G003/0000 47	RECOÑECEMENTO ANTIGÜIDADE ...//...	00048/20 20	29-01-2020 16:20
2019/G003/0008 54	CAMBIO DE TITULARIDADE DO RECIBO DE LIXO ...//...	00049/20 20	29-01-2020 16:23
2019/G003/0008 49	CAMBIO DE TITULARIDADE DO RECIBO DE LIXO ...//...	00050/20 20	29-01-2020 16:23
2019/G003/0008 56	CAMBIO DE TITULAR RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00051/20 20	29-01-2020 16:23
2020/G003/0000 39	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_02 (AI 99500000019541)	00052/20 20	29-01-2020 16:23
2020/G003/0000 57	DESIGNACIÓN SUBSTITUCIÓN PERSOAS MEMBRO MESA CONTRATACIÓN EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE POSTOS MERCADO MUNICIPAL PONTEDEUME	00053/20 20	29-01-2020 16:27
2020/G003/0000 55	CONVOCATORIA E DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL PONTEDEUME CURSO 2019- 2020	00054/20 20	29-01-2020 17:03
2020/G003/0000 48	Mellora das infraestruturas nos concellos de Galicia. Renovación do Parque Intantil na Avenida de Lombardero	00055/20 20	30-01-2020 09:57

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	2020		
2020/G003/0000 54	ASIGNACIÓN GRUPOS POLÍTICOS ANO 2020	00056/20 20	30-01-2020 10:21
2019/G003/0000 30	XUSTIFICACIÓN CONVENIO DE COLABORACION SOCIEDADE DEPORTIVA EUMESA 2017	00057/20 20	30-01-2020 17:27
2019/G003/0007 86	CAMBIO DE TITULAR NO PADRÓN DE RECOLLIDA DE LIXO : ...//...	00058/20 20	30-01-2020 17:28
2019/G003/0008 53	CAMBIO TITULARIDADE RECIBO REC. LIXO ...//...	00059/20 20	30-01-2020 17:28
2019/G003/0008 26	CAMBIO DE TITULAR EN RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00060/20 20	30-01-2020 17:29
2020/G003/0000 56	DECRETO DE INICIO DE PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_03 (AI 99500000019591)	00061/20 20	30-01-2020 17:30
2020/G003/0000 62	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00062/20 20	30-01-2020 17:30
2019/G003/0008 67	ALTA DE RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00063/20 20	30-01-2020 17:31
2020/G003/0000 52	PERSONAL - INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2020.	00064/20 20	31-01-2020 12:57
2020/G003/0000 65	COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN NA ACCIÓN B2 CREACIÓN DUNHA REDE PILOTO DE FONTES PÚBLICAS NO MARCO PROXECTO LIFE WATER WAY (LIFE16 ENV/ES/000533) DO PROGRAMA LIFER DA UNIÓN EUROPEA	00065/20 20	31-01-2020 12:57
2020/G003/0000	SEGUROS SOCIAIS DECEMBRO	00066/20	31-01-2020



29	2019	20	13:05
2020/G003/0000 41	APROBACIÓN NOMINA MES DE XANEIRO DE 2020	00067/20 20	31-01-2020 13:08
2020/G003/0000 69	NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL DO 3 AO 7 DE FEBREIRO DE 2020	00068/20 20	03-02-2020 10:39
2020/G003/0000 58	INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (EXPTE: 2017/C002/000003)	00069/20 20	03-02-2020 14:43
2020/G003/0000 66	ORDENACIÓN PAGO CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA -RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA-	00070/20 20	04-02-2020 13:56
2020/G003/0000 73	PROCESO SELECCIÓN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO, FUNCIONARIO INTERINO.APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DE CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCIZO	00071/20 20	06-02-2020 11:00
2019/G003/0001 14	TAXA DO LIXO: Cambio de titularidade por compravenda (01/02/2019)	00072/20 20	06-02-2020 11:00
2020/G003/0000 75	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00073/20 20	06-02-2020 11:00
2019/G003/0008	MODIFICACIÓN TITULARIDADE	00074/20	06-02-2020

### CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

66	DOS RECIBOS V ...//...	20	11:00
2020/G003/0000 80	CONTABILIZACIÓN CONTA 413. LIQUIDACIÓN DO EXERCIZO 2019.-	00075/20 20	06-02-2020 11:03
2020/G003/0000 60	PRORROGA CONVENIO COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA, CONCELLO PONTEDEUME-AS PONTES	00076/20 20	07-02-2020 11:15
2019/G003/0008 57	CAMBIO DE TITULARIDADE DO RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00077/20 20	07-02-2020 14:10
2020/G003/0000 78	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	00078/20 20	07-02-2020 14:10
2020/G003/0000 86	CAMBIO IMPUTACIÓN CONTABLE FATURA F/2019/4483	00079/20 20	07-02-2020 15:58
2019/G003/0008 64	SOLICITA QUE LOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00080/20 20	07-02-2020 15:58
2020/G003/0000 71	CAMBIO DE TITULARIDADE DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00081/20 20	12-02-2020 13:06
2020/G003/0000 44	CAMBIO DE TITULARIDADE NO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO	00082/20 20	12-02-2020 13:06
2020/G003/0000 43	BAIXA EN TAXA RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00083/20 20	13-02-2020 13:04
2020/G003/0000 82	DECRETO DE INICIO DE PROCEDIMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_04 (AI 99500000019643)	00084/20 20	13-02-2020 13:04
2020/G003/0000 50	RECTIFICACIÓN ERRO DECRETO NÚM. 42/2020	00085/20 20	13-02-2020 13:09
2020/G003/0000 12	CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO A PROPOSTA DA DEPUTACIÓN	00086/20 20	13-02-2020 13:04
2020/G003/0000 88	LIQUIDACION TAXA REPLANTEO DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE CATROCENTOS NOVENTA E	00087/20 20	13-02-2020 13:09



	NOVE (499) M <sup>2</sup> DE DPMT CON DESTINO A SANEAMIENTO BAIXO PASEO MARÍTIMO		
2020/G003/000095	RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO	00088/2020	13-02-2020 13:09
2020/G003/000087	SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00089/2020	13-02-2020 13:09
2020/G003/000013	ALTA RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00090/2020	13-02-2020 13:09
2019/G003/000381	Solicitud anulación de recibo do lixo por compravenda BANCO PASTOR	00091/2020	13-02-2020 13:09
2019/G003/000852	CAMBIO DE TITULARIDADE DO RECIBO DE LIXO ...//...	00092/2020	14-02-2020 10:23
2019/G003/000932	PROPOSTA DE RECTIFICACION DE DATOS RECIBOS LIXO ...//...	00093/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000016	COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA ...//...	00094/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000064	MODIFICACIÓN TITULAR LIXO ...//...	00095/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000010	MODIFICACIONES DE TITULARIDADE DE RECIBOS DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO CON EFECTOS NO EJERCICIO 2020	00096/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000093	COMUNICACION PREVIA DE OBRA ...//...	00097/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000097	COMUNICACION PREVIA DE OBRA ...//...	00098/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000079	FINALIZACIÓN POR RESOLUCIÓN DA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL ...//....	00099/2020	14-02-2020 10:23
2019/G003/000927	CAMBIO DE TITULAR RECIBO DE LIXO ...//...	00100/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/000096	COMUNICACION PREVIA DE OBRA ...//...	00101/2020	14-02-2020 10:23
2020/G003/0000	RELACION DE ALTAS, BAIXAS E	00102/20	14-02-2020



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

74	MODIFICACIÓN NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE NOVIEMBRE 2019	20	10:23
2020/G003/0000 31	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN DO PERSOAL DE OFICINA DE TURISMO. DEPUTACIÓN 2019	00103/20 20	14-02-2020 10:23
2020/G003/0001 04	CONVENIO PARA MELLORA DE COBERTURA DE COMUNICACIÓN MÓBILES NO RURAL	00104/20 20	14-02-2020 14:46
2019/G003/0001 55	CAMBIO TITULARIDADE RECIBO TAXA RECOLLIDA DE LIXO A PROPOSTA DA DEPUTACIÓN	00105/20 20	14-02-2020 10:23
2020/G003/0001 06	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA Expte. 2020/C002/000006	00106/20 20	14-02-2020 15:07
2020/G003/0000 91	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ENTORNO DA URBANIZACIÓN OLMO, AVDA DE CASTELAO E RÚA DO CHAPIZO. FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2019.	00107/20 20	17-02-2020 10:37
2020/G003/0000 30	XUSTIFICACIÓN DA PRÓRROGA DO AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	00108/20 20	17-02-2020 10:37



	PARA OS ANOS 2018-2019		
2020/G003/0000 90	DECRETO DE INICIO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2020_05 (AI 99500000019730)	00109/20 20	17-02-2020 12:43
2020/G003/0000 27	ALTA NO PADRÓN DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO ...//...	00110/20 20	17-02-2020 12:43
2020/G003/0000 84	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DURANTE O MES DE XANEIRO DO 2020	00111/20 20	17-02-2020 12:45
2020/G003/0000 89	SANCIONADOR EN MATERIA DE DESATENCIÓN DUN REQUIREMENTO DA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA (CLAVE: DH.D15.64623)	00112/20 20	17-02-2020 12:43
2020/G003/0001 09	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSONAS CON DISCAPACIDADE	00113/20 20	17-02-2020 15:07
2020/G003/0000 18	COMUNICACION OBRAS ...//...	00114/20 20	17-02-2020 15:07
2020/G003/0000 76	RELACION DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DURANTE O MES DE DECEMBRO 2019	00115/20 20	17-02-2020 15:07
2020/G003/0001 18	CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA INFORMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE PONTEDEUME Expte. 2020/C002/000003	00116/20 20	20-02-2020 10:37
2020/G003/0001 19	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSONAS PARTICIPANTES NO	00117/20 20	20-02-2020 10:37

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN "MADRUGADORES" CURSO 2019/2020		
2020/G003/0000 77	FINALIZACIÓN POR RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES Nº2020/H003/000045	00118/20 20	20-02-2020 10:37
2020/G003/0000 81	SOLICITA PRAZA RESERVADA EN ESCOLA INFANTIL CHALE ROSA PARA SITUACIONES ESPECIAIS	00119/20 20	20-02-2020 10:37
2020/G003/0001 17	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00120/20 20	20-02-2020 10:37
2020/G003/0001 07	MODELO 111, IRPF, XANEIRO 2020	00121/20 20	20-02-2020 12:52
2020/G003/0001 16	REORDENACIÓN DO VIARIO NO ACCESO Ó POLÍGONO DE VIDREIRO. PARQUES EMPRESARTIAIS 2020	00122/20 20	20-02-2020 14:24
2020/G003/0001 11	Solicitud de obradoiro de emprego ARTABROEMPRENDE en colaboración cos Concellos de MIÑO, PADERNE, PONTEDEUME, CABANAS E MONFERO. 2020/2021	00123/20 20	20-02-2020 14:44
2020/G003/0000 98	PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE	00124/20 20	20-02-2020 19:08



	CONCORRENCIA DEPENDENCIA, NOVEMBRO 2019	E MES	
2020/G003/0001 20	EXPEDIENTE DE Solicitud subvención para contratación DE PERSOAL técnico de OFICINAS DE TURISMO. diputación 2020		00125/20 20 21-02-2020 11:08
2020/G003/0001 23	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DUN TÉCNICO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. DEPUTACIÓN 2020		00126/20 20 21-02-2020 11:08
2020/G003/0001 25	DELEGACIÓN DE FUNCIONES DA ALCALDÍA. Periodo: 24.02.2020		00127/20 20 21-02-2020 12:05

Documento asinado dixitalmente asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións (*Delegación conferida mediante Decreto nº 127/2020 de 21/02/2020*), en Pontedeume, a luns 24 de febreiro de 2020.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

#### 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, formuláronse os seguintes Rogos:

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro pregunta se é posible que se envíen as preguntas e respostas do BNG, respondendo o Sr. Fernández Piñeiro que si.

1. Quitar as sinais da zona escolar de Boebre e Centroña, respectivamente, xa que crean confusión.
2. Que se fagan as xestións para retirar o poste tumbado na estación de ferrocarril.

Dende a Presidencia informase que xa se ten falado con Adif para iso e para outras actuacións na zona.

3. Que se indique o motivo do cambio da praza de aparcadoiro para persoas con discapacidade na rúa Betanzos.

O concelleiro de obras D. Daniel Ríos Fernández indica que se fixo o cambio por un informe da Policía. Di que se mirará.

4. Amaño da farola da praza Mestre Álvarez Penedo.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Presidente di que se repara e que volve a fallar, que se trata dun problema na canalización, que hai unha fuga que non se da localizado.

5. Que se revisen e amañen as farolas fundidas en Andrade.

6. Que se fagan as xestións pertinentes para cortar unha rama do cable despois do edificio caldagueiro.

Dende o Grupo Municipal do BNG, fórmulanse os seguintes Rogos:

1. Que hai un cable, en Andrade, ao redor do 112, á altura da man.

O Sr. Fernández Piñeiro di que se mandará á policía.

De seguido, e tendo en conta a decisión do goberno local de dar resposta por escrito, conforme ao establecido no artigo 62 do Regulamento Orgánico Municipal ( BOP nº 234 de data 7 de decembro de 2015), ás preguntas presentadas polos Grupos da oposición, fanse entrega aos distintos portavoces das respostas ás preguntas formuladas, que se transcriben para a suá constancia:

Preguntas presentadas polo Grupo Municipal do PP:

1. Cando teñen previsto habilitar o aparcadoiro de autocaravanas?
2. Para cando teñen previsto construír no campo de fútbol os novos vestiarios que foron prometidos?
3. Temos queixas da veciñanza sobre a ausencia de Policía Local nas rúas. O Concello ten establecido as patrullas a pé durante o día? Se é así, poderían indicarnos se teñen algún itinerario establecido?
4. En que fase se atopa a Regulación de terrazas?
5. En que situación se atopan os trámites para faceren o albergue no "Antigo Hospitalillo"?
6. Non consideran que a pista polideportiva do "parque Sarmiento" debería ter un mantemento adecuado despois das melloras realizadas polo Concello?

As preguntas presentadas polo BNG foron as seguintes:

1. Escola Infantil Municipal. Cal é o estado actualmente da obra ? Dende cando está parada ? Cal é a data prevista para reiniciar os traballos ? Cal é a data prevista de finalización?
2. Mercado Municipal. Cando o alcalde di na prensa que se vai a iniciar a "segunda fase", en que parte do procedemento aberto está incluída esta "segunda fase" da adxudicación ? É



necesario volvera iniciar un novo procedemento de licitación ? Cal é a data prevista de apertura do mercado ?

3. Ocupación do espazo público. Para a nosa hostalería é fundamental a seguridade xurídica (que se pode facer e que non ) e sobre todo o trato igualitario entre todos os negocios. Cal é procedemento actual para controlar a ocupación do espazo público ? Cando comezou a redactarse e cando estará rematada a ordenanza de ocupación do espazo público?
4. Piscina Municipal. Hai un informe técnico sobre a situación actual das instalacións da piscina ? De cando é o último informe da situación da piscina municipal ? Cando se empezou a redactar o novo convenio de licitación da piscina ? Segundo o convenio cales son as obrigas do Concello no mantemento da infraestrutura ?
5. Pista de Pádel e Baloncesto 3x3. Está asinada a derradeira certificación de obra de ambas pistas ? Cal é a data do inicio (é dicir a data da acta de replanteo) das obras da pista de pádel,? E da pista de baloncesto 3x3 ?
6. Subvencións a dedo (subvencións nominativas) Cal é o importe da subvención asinada o 30 de decembro do 2019 (ás 21.37 horas ) no decreto 00852/2019 ? Cal é o importe da financiación para o ano 2019 asinado no decreto 00853/2019 (de 30 de decembro de 2019 ás 21.37 horas) para realizar actividades durante o 2019 ?
7. Pista de Pádel e Baloncesto 3x3. Está asinada a derradeira certificación de obra de ambas pistas ? Cal é a data do inicio (é dicir a data da acta de replanteo) das obras da pista de pádel,? E da pista de baloncesto 3x3 ?
8. Convenio Leite Celta. Cal é o coste do convenio para as arcas municipais ? Si Leite Celta precisa formar aos seus empregados, por que debe o concello participar na formación dunha empresa privada ? Faino tamén co resto de pequenas empresas do concello ? Cal é o índice para medir o obxectivo deste convenio: "mellorar a empregabilidade dos veciños de Pontedeume " ?
9. Redes sociais. Comunicación. Cal foi o gasto do Concello en comunicación pública (redes sociais, anuncios en prensa....) ? Que empresa asesora en comunicación e redes sociais ao Concello ? Canto facturou esta empresa nos anos 2018 e 2019?
10. Albergue de Peregrinos. Antigo Hospitalillo. Cales son as obrigas do Concello no convenio de cesión coa Igrexa ? Cando estará rematado ? Está redactado o proxecto construtivo final (non o básico) da rehabilitación ? Cal e orzamento propio que o concello destinará no 2020 a este fin?

Respostas ás preguntas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular:

1. Trátase dun compromiso adquirido no noso programa electoral e que esperamos dar resposta tan pronto como seá posible, ao longo da lexislatura.
2. Como xa sabedes, actualmente estanse executando ás obras da bancada que o seu partido votou en contra, ademais do novo acceso que permitirá mellorar a seguridade dos usuarios e público que se achegan ao campo.

Unha vez rematadas as obras da bancada, encargárase un proxecto para reorganizar a zona de vestiarios.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Compre recordar que a acción de goberno desenrolase ao longo dunha lexislatura e non nos 8 primeiros meses.

3. A policía local de Ponte deume patrulla a pé mañá e tarde. Como comprenderán, por razóns de seguridade, é o xefe da policía local quen realiza os itinerarios diarios e estes son de carácter confidencial.

4. Nas pasadas semanas realizouse unha reunión entre o departamento de urbanismo e a empresa encargada de realizar o estudo, na que por parte da arquitecta municipal foron solicitadas unha serie de melloras no documento para a súa redacción final.

Nos últimos días comunicóusenos por parte da empresa que o informe final será entregado ao longo do mes de marzo.

5. Unha vez redactado o proxecto básico e sendo este aprobado por patrimonio, procedeuse a redacción do proxecto de execución que xa foi entregado no concello por parte do equipo redactor semanas atrás.

Actualmente está a ser informado polos técnicos municipais de urbanismo e nas próximas semanas será enviado a Patrimonio para o seu informe definitivo.

6. Despois de anos abandonado polo seu grupo municipal, este goberno durante a pasada lexislatura, procedeu á instalación de iluminación, así como o acondicionamento da zona de vestiarios, a mellora do pavimento da pista e o arranxo do peche perimetral. Este último atopase danado na zona colídate co edificio de Foremdes, estando aínda en garantía, polo que se lle requiriu a empresa instaladora a súa substitución, traballos que se realizarán nas vindeiras semanas.

Respostas ás preguntas presentadas polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:

1. As obras foron contratadas pola Xunta. A principios do mes de xaneiro e despois do parón polas vacacións de nadal, a empresa adxudicataria expuxo ao Consorcio de Igualdade unha serie de actuacións menores que xa foron estudadas e informadas polos técnicos e que a día de hoxe estanse a cuantificar. Segundo trasladánnos, os traballos reiniciaránse en breve.

A data de finalización estimada contemplada no contrato asinado entre a Xunta de Galicia e a empresa adxudicataria establece un prazo de execución de 12 meses a contar dende finais do mes de agosto do 2019.

2. Segundo establece o artigo 10 de cláusulas administrativas de uso privativo dos postos no mercado municipal de Ponte deume, o contrato dos mesmos se adxudicará por procedemento aberto de libre concorrência. A maiores establececese que cando resulta deserta a licitación de un máximo de 5 postos poderíase facer una adxudicación directa. Pero non sendo este o caso, e tendo coincidido varios licitadores para o mesmo posto, procedese amparados polo establecido no mencionado artigo 10, a unha segunda fase de adxudicación.

A data prevista de apertura unha vez finalizado o primeiro proceso de adxudicación e de dous meses e medio, tempo establecido nos pregos para o acondicionamento de cada un dos locais



ocupados.

3. O procedemento actual para controlar a ocupación de espazo público establece mediante unha solicitude que debe ser cursada por escrito por parte do interesado, indicando espazo a ocupar e tempo. En base a esa ocupación establece unha taxa en aplicación da ordenanza existente. Despois verificase por parte da policía local os datos aportados.

Se se está vostede a referir na última pregunta a ordenanza que regula a instalación de terrazas, aclarar que nas pasadas semanas realizouse unha reunión entre o departamento de urbanismo e a empresa encargada de realizar o estudo, na que por parte da arquitecta municipal foron solicitadas unha serie de melloras no documento para a súa redacción final.

Nos últimos días comunicóusenos por parte da empresa que o informe final será entregado ao longo do mes de marzo.

4. Si, hai varios. O último foi elaborado tras unha visita ás instalacións por parte dos técnicos municipais en xaneiro de 2018. Así mesmo, a raíz do proceso de elaboración e redacción dos pregos para a saída a concurso do do servizo, contactouse cos que foran os redactores do proxecto de execución da piscina municipal para a realización dunha auditoría das instalacións, posto que son os que mellor coñecen a edificación.

Cabe destacar que ao longo dos 8 primeiros anos de concesión realizáronse numerosas modificación da estrutura interior do edificio, ampliando corredores, pechando e abrindo accesos, habilitando novos espazos sin que naquel momento se deixara constancia e ningún tipo de documento técnico das mesmas. Polo que actualmente non se dispón de unha planimetría actualizada do edificio, feito que retrasou o proceso de licitación, posto que fíxose necesario a contratación deses traballos.

Non existe na lei de contratos ningún tipo de instrumento de contrato que se chame convenio de licitación entendendo que se están vostedes a referir os pregos para a licitación, os traballos para a súa redacción comezaron no segundo semestre do ano 2017.

5. A última certificación asinada pola dirección de obra é do 02/01/2020, non sendo a última posto que os traballos non están rematados. Tanto a pista de pádel como a de baloncesto 3x3 son un mesmo proxecto e polo tanto unha mesma obra. Os traballos deron comezo durante o mes de maio de 2019.

Coma xa se vos trasladou en plenos anteriores, o proxecto modificouse para adaptar a altura da pista ás recomendacións que se nos trasladaron dende a Federación Internacional de Pádel, ditas recomendacións foron publicadas polo Federación con posterioridade o inicio dos traballos. Esta adaptación permitirá que a pista sexa a primeira municipal na nosa bisbarra que cumpre con ditos requisitos.

6. Non son subvencións a dedo, son subvencións nominativas que están reguladas por lei. O importe é 900 e 1500 euros respectivamente.

8. O custe do convenio é a cesión da Aula Cemit para a realización das clases de tipo teórico. Esta formación innovadora ao que se fai referencia é unha formación especializada, non reflexada en ningún dos sistemas educativos e formativos actuais, que facilitará a incorporación ao mundo laboral abrindo posibilidades, xa non só en dita empresa, senón no sector lácteo en xeral. Cabe destacar que non se trata dunha formación para os empregados de Leita Celta como vostedes afirman, senón da posta en marcha dun curso formativo



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

homologado para desempregados que lles permitirá obter un título de operador de Industrias Lácteas, único en España.

Leite Celta, facilita que esas persoas realicen as prácticas nas súas instalacións, cun compromiso de contratación do 40% das persoas que participen no mencionado curso.

Polo tanto o interese de xerar novas promocións de persoas preparadas para incorporarse ao mundo laboral dentro do sector lácteo é interesante para mellorar a empregabilidade das veciñas e veciños de Ponte deume.

9. O Concello de Ponte deume, como todos os concellos da nosa bisbarra, incluídos os gobernados polo BNG, dispón dun gabinete de prensa que xestiona a comunicación en prensa e redes sociais. O custo mensual é de 1754,50€

10. A obriga do Concello a raíz do convenio de cesión asinado é a de rehabilitar o edificio para a súa conversión en albergue de peregrinos.

Unha vez redactado o proxecto básico e sendo este aprobado por patrimonio, procedeuse a redacción do proxecto de execución que xa foi entregado no concello por parte do equipo redactor semanas atrás.

Actualmente está a ser informado polos técnicos municipais de urbanismo e nas próximas semanas será enviado a Patrimonio para o seu informe definitivo.

Sobre o orzamento propio estase a espera da resolución definitiva de patrimonio, e dos posibles cambios que esta poidera suxerir para establecer un orzamento final das obras. Unha vez dispoñamos dese dato o concello habilitará a partida correspondente a que se acompañarán previsiblemente aportacións doutras administracións.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

